

En Pereiras (Mos), sendo as 23 horas do día 06 de outubro de 1979, reúnense no Adro da igrexa parroquial, 74 veciños de dita parroquia, maiores de idade na súa totalidade, para tratar do seguinte asunto: "FUNDACIÓN DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE PEREIRAS".

En principio e por aclamación, nomeouse unha mesa provisional formada polos seguintes señores: D. Atilano Pereiro Alonso, D. Orindo Táboas Giráldez e D. Antonio González González, co obxecto de presidir a reunión e levantar acta do acordado na mesma, sendo encargado o último da secretaría da Asemblea.

Acto seguido e despois dun amplo e libre intercambio de opinións, acordouse por unanimidade entre os presentes que a Xunta Directiva Provisional da Asociación de Veciños estaría formada por nove membros.

A continuación procedeuse á elección dos mesmos, rexistrándose o seguinte resultado do escrutinio:

D. Eugenio Arturo Campo	50 votos.
D. Orindo Táboas	46
D. Atilano Pereiro	35
D. Floriano Alonso	30
D. Antonio González	29
D. Daniel Pérez	29
D. Mario Domínguez	28
D. Jaime Ribeiro	28
D. José Benito Martínez	27
D. Ramón Martínez	26
D. Jesús Leirós	25
D. Isidoro Alonso	24
D. Cándido Martínez	24
D. Jorge Lorenzo	17
D. Laureano Seijo	12
D. Carlos Sánchez	11
D. Daniel Campo	11
D. Ramón Lago	6
D. Pablo Tellado	1

Proclámanse, pois, os nove primeiros como membros da Xunta Directiva Provisional da Asociación de Veciños de Pereiras.

Posteriormente, acordouse que esta Xunta Directiva realizase con carácter inmediato as xestións pertinentes para elaborar un Estatuto polo que será rexida a Asociación.

Así mesmo, a Xunta Provisional deberá convocar proximamente aos veciños para informarles das súas actividades sobre o dito Estatuto, relacións con outras asociacións, cotas, etc.

E sen nada máis que tratar, levántase a Asemblea ás 2 hoas do día 07 de outubro de 1979.

Fdo. O Secretario
A. González.